# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 6 DE XULLO DE 2020.

**PRESIDENTE:**
O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**
D.ª María Guadalupe Pombo Carril
D.ª Marta María Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta María Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D.ª Yessica Méndez Sánchez

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**
D.ª Vanesa García Barreiro

**SECRETARIA XERAL:**
D.ª Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día seis de xullo do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.ª María Guadalupe Pombo Carril, D.ª Marta María Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta María Iglesias Becerra, D. Carlos Liñares Gestal e D.ª Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, Dª. Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.ª Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 29 DE XUÑO DE 2020.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 29 de xuño de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a, votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 29 de xuño de 2020.

## 2.- DACIÓNS DE CONTA.

### 2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Real Decreto-lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego. BOE núm. 185 do 06-07-2020.

- Resolución do 19 de xuño de 2020, de Augas de Galicia, pola que se modifica a Resolución do 28 de maio de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas ás entidades locais responsables de sistemas de abastecemento á poboación para a redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca, e se convocan para o ano 2019 (código de procedemento AU100A). DOG núm. 128 do 30-06-2020.

- Orde do 22 de xuño de 2020, da Consellería de Sanidade, pola que se modifica a Orde do 16 de setembro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria. DOG núm. 129 do 01-07-2020.



C.I.F. P-1503100-H
Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

- Resolución do 26 de xuño de 2020, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se convoca, para a anualidade de 2020, o acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (código de procedemento VI438A). DOG núm. 133 do 06-07-2020.

- Anuncio do 22 de xuño de 2020, do Concello de Culleredo, relativo ao requirimento de xestión da biomasa Expediente: UME/2019/486. DOG núm. 133 do 06-07-2020.

- Resolución do 26 de xuño de 2020, da Deputación Provincial da Coruña -Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes- pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FO207: Convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais, durante o ano 2020. BOP núm. 97 do 30-06-2020.

- Anuncio do 26 de xuño de 2020, da Deputación Provincial da Coruña -Servizo de Xestión de Plans. Sección de Plans Provinciais-, relativo á aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2020 para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19. BOP núm. 97 do 30-06-2020.

- Anuncio do Concello de Culleredo, do 25 de xuño de 2020, relativo á convocatoria para a selección dun/dunha técnico/a de turismo (persoal laboral temporal). BOP núm. 98 do 01-07-2020.

- Anuncio do Concello de Culleredo, do 26 de xuño de 2020, relativo á composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Culleredo. BOP núm. 98 do 01-07-2020.

C.I.F. P-1503100-H

**2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**

2.2.1. A Sra. secretaria dá lectura ao escrito do 3 de xullo de 2020 da Sra. concelleira delegada de Urbanismo, que transcrito literalmente di:

"**DANDO CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 6 DE XULLO DE 2020 DAS SEGUINTES RESOLUCIÓNS DA ÁREA DE URBANISMO E COMUNICACIÓNS PREVIAS.**

**RESOLUCIÓNS DO 23.06.2020.**

Correxindo a Resolución número 678 do 04.06.2020 na súa parte dispositiva do seguinte modo:

Onde di:

"Segundo.- Aprobar a devolución da fianza depositada neste concello por importe de 6.750 € e rexistrado co número de operación 320160000480"

Debe dicir:

"Segundo.- Aprobar a devolución da diferenza do importe da fianza (4.287 €) que se depositou no Concello por un importe de 6.750 € e que se contabilizou co número de operación 320160000480"(exp. UAU/2019/4)

Aceptando o desestimento que formulou C.V.L. da súa licenzas de obra e aprobando a devolución do aval que depositou no Concello por importe de 3.000 € para responder de obras de urbanización e que se formalizou co número de operación 200700020333. (exp. UAU/2020/180).

Concedendo a E.H.A., licenza municipal para a construción dunha piscina na rúa Conduzo, parroquia de Rutis,(exp. UAU/2018/636).

Incoando o oportuno procedemento para a declaración, no seu caso, da ineficacia da comunicación previa que achegou Unión Fenosa Distribución S.A. para unhas obras de paso aéreo subterráneo e canalización de 10 metros para subministro a bomba de rego a un pozo executado en solo rústico sen licenza municipal, e cunhas

características técnicas inapropiadas para este tipo de solo, na parcela situada no lugar de Rumbo, (Ref. catastral 15031A046000320000OR), parroquia de Celas.

Dando audiencia á interesada por un prazo de 15 días, que contan desde o seguinte a aquel no que reciba a notificación da presente resolución, a fin de que poida consultar o expediente, formular as alegacións e aportar os documentos e as xustificacións que considere convenientes na defensa dos seus dereitos e intereses.(exp. UAU/2018/495).

Concedendo a A.R.R. licenza municipal de obras para a construción dunha piscina particular e campo de xogos, nunha parcela situada na rúa Río Mandeo, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/706).

Concedendo a L.M.N.F., unha licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Anchouza, parroquia de Rutis (parcela coa referencia catastral 8262521NH4986S0001RB) (exp. UAU/2019/627).

Concedendo a M.R.C. unha licenza municipal de obras para a ampliación dunha vivenda unifamiliar na parcela coa referencia catastral 000200100NH49B0000LR, situada no Lugar de A Pedrosa, parroquia de Orro,(exp. UAU/2020/134).

Concedendo a E.N.B. e M.C.B. unha licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela coa referencia catastral número 0058199NH5905N0001JZ, situada na rúa Regueiro, parroquia de Rutis (exp. UAU/2020/146).

**RESOLUCIÓNS DO 26.06.2020.**

Concedendo a J.M.F.G., licenza municipal para a agrupación e segregación das parcelas coa referencia catastral 7189404NH4878N e 7189405NH4878N, situadas no lugar de Peiro de Arriba, parroquia de Celas. (exp. UAU/2019/605).

Concedendo a J. A,M.M., licenza municipal para a agrupación e segregación das parcelas coa referencia catastral 15031A032004460000OM e 15031A0320044800000, situadas no lugar de Souto, parroquia de Orro, (exp. UAU/2020/101).

**RESOLUCIÓN DO 30.06.2020.**

Concedendo a Lourrou S.L. unha nova licenza municipal de obras por caducidade da anterior, para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Canle Bieito, (parcela coa referencia catastral: 0051504NH590S0001UY), da parroquia de Rutis (exp. UAU/2017/647).

**COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS**

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 30 de xuño de 2020, a comunicación previa presentada por F.R.S., para a realización dun peche lindeiro lateral en parcela situada no Lugar de Valiñas, parroquia de Sueiro (exp. UAU/2019/281).”

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Política Social, Mocidade e Promoción do Deporte:

“

| ***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao *Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.*** | | | | |
| --- | --- | --- | --- | --- |
| **Data da resolución** | **Nº resolución** | **TEMA** | **Persoa beneficiaria** | **Intensidade** |
| 11/06/20 | 692 | Conceder o Servizo de Teleasistencia Domiciliaria. | ****852** | |



C.I.F. P-1503100-H
Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 11/06/20 | 703 | Conceder un servizo municipal de Axuda no fogar<br><br>Conceder un servizo municipal de Axuda no fogar<br><br>Conceder o Xantar na Casa | ****472**<br><br>****507**<br><br>****472**<br>****507** | Cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos).<br><br>Cunha intensidade de 2 horas á semana (agás festivos).<br><br>Para os 7 días da semana e dar traslado desta resolución ó consorcio galego de igualdade e benestar. |
| 11/06/20 | 704 | Conceder unha ampliación no Servizo municipal de Axuda no fogar | ****214** | Cunha intensidade de 10 horas á semana (agás festivos). |

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente *Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013***

| Data da resolución | Nº resolución | TEMA | Persoa beneficiaria | Obxecto da axuda | Importe |
|---|---|---|---|---|---|
| 04/05/2020 | 530 | Conceder unha axuda económica. | ****235** | Pago do alugueiro, correspondente aos meses de xaneiro e febreiro de 2020, (400€/mes) e o mes de marzo de 2020 (275,68€). | 1075,68€ |
| 04/05/2020 | 531 | Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago | ****4867** | Pago da parte do recibo de gas correspondente ao periodo do 1 ao 15 de outubro de 2019 .<br><br>Pago do recibo de electricidad correspondente ao periodo do 1 de outubro ao 29 de outubro de 2019.<br><br>Pago da parte do recibo de gas correspondente ao periodo do 16 de outubro ao 13 de decembro de 2019.<br><br>Pago do recibo de electricidad correspondente ao periodo do 30 de outubro ao 23 de decembro de | 21€<br><br>106,34€<br><br>68,72€<br><br>197,52€ |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 2019. | |
| 04/05/2020 | 533 | Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago | ****007** | Pago do recibo de gas correspondente ao periodo outubro (**12,15€**) e novembro (**12,15€**). | |
| 7/05/2020 | 541 | Conceder unha axuda económica. | ****943** | Pago de recibo de auga, correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2020.<br><br>Pago de recibo de luz, correspondente a 6 meses do ano 2020.<br><br>Pago de recibo de gas, correspondente a 6 meses do ano 2020.<br><br>Pago de recibo de comunidade por un importe de 360€ (30€/mes) , correspondente a 12 meses do ano 2020. | |
| 7/05/2020 | 542 | Conceder unha axuda económica. | ****323** | Pago de alugueiro, correspondente aos meses de novembro e decembro de 2019 e o mes de xaneiro por importe (310€/mes) e o mes de febreiro de 2020 (145,68€/mes). | 1075,68€ |
| 13/05/2020 | 554 | Conceder unha axuda económica. | ****657** | Pago de aluguer correspondente aos meses de decembro(300€) de 2019, xaneiro(300€), febreiro(300€) e parte de marzo(175€) de 2020. | 1075€ |
| 14/05/2020 | 556 | Conceder unha axuda económica. | ****540** | Pago de aluguer correspondente aos meses de febreiro, marzo e abril de 2020 por un importe de (275€/mes) e o | 1075,68€ |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | mes de maio de 2020 (250,68€). | |
| 18/05/2020 | 562 | Conceder unha axuda económica. | ****207** | Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2020 por un importe de 350€/mes, e o mes de abril (25,68€). | 1075,68€ |
| 22/05/2020 | 577 | Conceder unha axuda económica. | ****868** | Pago de recibo de comunidade, correspondente aos mes de agosto de 2012 ata o mes de xuño de 2015 ambos inclusive (30€/mes). | 1050€ |
| 25/05/2020 | 588 | Conceder unha axuda económica. | ****069** | Pago de aluguer, correspondente ao mes de marzo do ano 2020 (275€) e os meses de abril e maio por un importe (400€/mes). | 1075€ |
| 25/05/2020 | 589 | Conceder unha axuda económica. | ****190** | Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro e febreiro de 2020, por importe de (350€/mes), e o mes de marzo (244,24€).<br><br>Pago de recibo de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2019, mediante pago ao proveedor. | 944,24€<br><br>131,44€ |
| 28/05/2020 | 597 | Conceder unha axuda económica. | ****373** | Pago de aluguer, correspondente aos meses de marzo(400€), abril(400€) e parte de maio(275€) de 2020. | 1075€ |
| 28/05/2020 | 598 | Conceder unha axuda | ****425** | Pago de aluguer, | 1075,68€ |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | económica. | | correspondente aos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2020 por un importe de 350€/mes, e o mes de abril de 2020 (25,68€). | |
| | | | | | |

| ***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao *Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emision y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad* (BOE nº 309 de 23 de dicembre de 2014)** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Data da resolución** | **Nº resolución** | **TEMA** | **Persoa beneficiaria** | **Vixencia** |
| 15/06/20 | 723 | Conceder a renovación por caducidade da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | ****977** | 10 anos |
| 17/06/20 | 737 | Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | ****773** | 10 anos |
| 22/06/20 | 771 | Conceder a renovación por deterioro da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | ****968** | Cunha vixencia ata o 27/07/2027. |

| ***CLUB +65** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Data da resolución** | **Nº resolución** | **TEMA** | **Persoa beneficiaria** | **Importe** |
| 16/06/20 | 726 | CONCEDER a ALTA e OBTENCIÓN do carné do CLUB +65. | ****240** | |

| ****SUBVENCIÓNS SOLICITADAS:** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Data da resolución** | **Nº resolución** | **OBXECTO** | **IMPORTE** | **ORGANISMO** |
| 24/02/2020 | 317 | Solicitar a formalización do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo, para o financiamento do mantemento xeral e reserva | 70.000 € | Deputación Provincial da Coruña |

C.I.F. P-1503100-H

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | de prazas no centro ocupacional "A Escada" para o ano 2020.<br><br>Aprobar a memoria de actividades a desenvolver no Centro Ocupacional "A Escada" durante o ano 2020 cun orzamento total de gasto. | 148.130,08€ | |
| 03/03/2020 | 348 | Solicitar axudas do **Porgrama de apoio aos CIM** e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demáis requisitos establecidos na convocatoria.<br><br>Solicitar axuda do PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN, INFORMACIÓN E DIFUSIÓN SOBRE IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demáis requsitos establecidos na convocatoria. | 22.594,78 €<br><br>8.000,00 € | Secretaría Xeral da Igualdade |
| 05/06/2020 | 697 | Solicitar a formalización dun Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo, para o financiamento do mantemento xeral da Vivenda tutelada municipal de Culleredo, no ano 2020. | | Deputación Provincial da Coruña |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| | | | | |
| --- | --- | --- | --- | --- |
| | | Aprobar a memoria de actividades e o orzamento de gastos que ascende. | 96.539,36 €. | |

“

**3.- ASUNTOS SOBREVIDOS**.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

**4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H



RIOBOO CASTRO, JOSE RAMON

PASTOR NOVO, PILAR MARÍA
Secretaria Xeral
09/07/2020 10:27





Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es